

Este libro, que trata do terrible holocausto que realizaron os nazis na Segunda Guerra Mundial, gustoume moitísimo. Recomendoo tanto aos que lles guste o tema como aos que non. Gustoume porque trata o tema desde a óptica dun neno pequeno duns 10 anos, chamado Bruno. O seu pai é un dos comandantes de Hitler. Vivían en Berlín nunha casa que a Bruno lle gustaba moito, pero o seu pai é destinado a Osviim e viven nunha casa vella. Bruno non entende nada. Non sabe porque hai soldados, nin porque os que están no campo de concentración levan todos un pixama de raias. Como se aburre moito, xoga ao seu xogo favorito: explorar e entón incumpre a norma de acercarse ao arameado. Atopa un neno xudeu e faise moi amigo del. El tampouco sabe que os nazis odian aos xudeus e vai falar con el tódalas tardes. Isto foi o que máis me gustou xa que reflicte a boa mentalidade dos nenos pequenos, que xogan cos outros nenos sen fixarse na súa clase social, raza ou crenzas. Tíñamos que aprender todos do exemplo de Bruno. Libro que te enganxa dende o principio ata o fin. Do 1 ao 10 eu daríalle un 9. **(Fernando)**

A verdade é que eu xa lera o libro en castelán no verán pero agora outra vez máis volvíno ler en galego, é como non, volveume a parecer marabilloso. Porque é un libro que conta as cousas dende un punto de vista dun neno pequeno e inocente, que non sabe nada do que lle acontece nin a el, ni ao seu redor, ao que ninguén lle quere explicar nada, pero que dende o punto de vista máis sabio e lóxico, sabe distinguir a realidade, o que é bo e o que é malo. El dáse de conta de que non é normal que os separen aos xudeus e aos católicos, por seren diferentes, a el tampouco lle gusta a actitude do capitán que vén á súa casa que manda moito, nin que uns levan posto un pixama a raias e que el non poida. Todas estas cousas son as que fan que o libro sexa especial de tal feito, que non podería estar mellor contado que por el. A verdade, é un libro fascinante co que ris choras e ás veces divírteste, o final é... Tamén nel se reflicten diferentes aspectos e puntos de vista, como é por exemplo a **avoa** do neno, que está totalmente en contra de que o seu fillo mate a xente só polo feito de ascender, e deixa de falarlle, a **nai** que aínda que non defende ao seu marido tampouco o rexeita, porque o marido é o marido, e a el ninguén pode contradicilo, pero cando ve ao final que as cousas non van ..., e o **pai** unha persoa que non era mala, pero que só se deixaba dominar polo traballo, e que sempre mantiña a súa postura firme e rixida, e o xove **capitán**, ese si que tiña unha frialdade e unhas ideas radicais totais. É dicir, o libro é magnífico, unha mestura de todo. Del non hai nada malo que dicir. Só que o que non o leu aínda, non sei a que espera **(Margarita)**